

UNIDADE 1: OS SONS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *A escala musical.*

A escaleira musical.

Sorrisos e lágrimas.

LINGUAXE MUSICAL

Calidades dos sons: timbre, altura, intensidade e duración.

Notas: sol e mi.

Figuras: branca, negra, e corchea.

Sons do pentagrama.

AUDICIÓNS

Audición: Presentación de *Pedro e o Lobo* de **S. Prokofiev**. Recoñecemento dos instrumentos.

Clasificación de sons.

Dramatización da canción da unidade.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimentos: ruídos agradables / ruídos molestos.

Pasatempos: encrucillado musical e sopa de letras.

OBXECTIVOS

- Entoa-la escala de Do maior en grupo.
- Traballa-lo pulso, pausas.
- Distingui-los sons.
- Coñece-la grafía musical.
- Recoñecer timbres instrumentais.

PROCEDEMENTOS

- Ensinámo-la canción cantando cos nenos.
- Realizamos un recoñecemento auditivo de voces de compañeiros e de sons cotiáns e instrumentos.
- Practicámo-las notas e as figuras.
- Practicamos agudo / grave.
- Escoitamos instrumentos de diferentes familias.

ACTITUDES

- Escoitar con atención.
- Participar activamente no canto colectivo.
- Participar de forma activa na clase.

UNIDADE 2: OS INSTRUMENTOS MUSICAIS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Na Festa de Monterrei.*

Este pandeiro que toco.

Ó pavo, paviño, pavo.

MOVEMENTO E DANZA

Pasodobre coa canción da unidade.

Dramatización da canción.

LINGUAXE MUSICAL

Figuras: branca, negra, e corcheas.

Silencios: de branca e de negra.

Compás binario.

Rítmogramas.

Substitución de figuras por silencios.

Xogos de lectura rítmica.

Lectura e entoación das notas mi e sol.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Os instrumentos no rock.

Instrumentos de percusión de membrana ou pel.

Outras actividades.

Divertimentos: barullo de letras con instrumentos de percusión. Comeletras musical e sopa de letras.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Coñece-la grafía das figuras e dos silencios e a súa correspondencia.
- Coñece-lo compás binario.
- Diferenciar visual e auditivamente os instrumentos da familia de membrana ou pel.
- Recoñecer instrumentos e diferencia-los que se tocan coas baquetas ou coas mans.
- Recoñecer instrumentos que se utilizan no rock.

PROCEDEMENTOS

- Bailamos un pasodobre.
- Dramatizámo-los instrumentos da canción da unidade.
- Substituímos figuras por silencios.
- Facemos xogos de lectura rítmica.
- Practicamos lectura das notas mi e sol.
- Tocamos ostinatos sinxelos coa negra e o seu silencio.
- Ensinamos láminas, diapositivas e instrumentos da unidade.

ACTITUDES

- escoitar atentamente.
- Participar no canto e no baile colectivo.
- Mostrar interese por perfecciona-la escritura musical.
- Mostrar interese polo coñecemento dos instrumentos do rock

- Mostrar interese para manexa-los instrumentos de percusión.

UNIDADE 3: O OUTONO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Ratapón*.

O segador.

Estaba unha pastora.

LINGUAXE MUSICAL

Identificamos sons da natureza.

Xogos rítmicos.

A nota la.

Escribimos no pentagrama.

Compás binario.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de percusión de madeira.

OUTRAS ACTIVIDADES

Pasatempos: xeroglífico, comeletras, ordenar letras.

OBXECTIVOS

- Entoar en grupo.
- Diferenciar timbres.
- Diferenciar brancas, negras e silencios.
- Entoar mi, sol e la.
- Colocar no pentagrama mi, sol e la.
- Traballa-lo compás binario.
- Coñece-la familia de percusión de madeira.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-la canción da unidade seguindo a liña do profesor.
- Tocamos con pequena percusión ostinatos sinxelos.
- Realizamos audicións de sons.
- Realizamos xogos melódicos con patróns.
- Escribimos notas no pentagrama.

ACTITUDES

- escoitar con interese.
- Participar activamente nas actividades.
- Cubri-las fichas con pulcritude.

UNIDADE 4: O CORPO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Imos todos aprender.*
O muíño e Son titiriteiro.

MOVEMENTO E DANZA

Dramatización con xestos.
Pequena coreografía.
Coordinación dos movementos.

LINGUAXE MUSICAL

Rítmogramas.
Mi, sol e la.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de percusión de metal.

AUDICIÓNS

Audición: *Os Canguros* de **Saint-Säens**.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimentos: colorear e completar.
Pasatempos: sopa de letras, xeroglíficos, as flores.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Coordinar movementos ó pulso.
- Coñece-lo corpo e as súas posibilidades sonoras.
- Traballa-las figuras e silencios: negra, silencio de negra e dúas corcheas.
- Coñece-la familia de percusión de metal.
- Coñece-las notas mi, sol e la.
- Distinguir cambios de tempo e pausas.
- Dramatizar.

PROCEDEMENTOS

- Entoámo-la canción seguindo a liña do profesor/a.
- Danzamos ó ritmo da música.
- escoitamos sons.
- Escribimos no pentagrama.
- escoitamos audicións e relacionámo-los instrumentos con animais.

ACTITUDES

- Participar activamente e mostrando interese nas actividades propostas.
- Cubrir con pulcritude as fichas.
- Observar e escoitar atentamente.
- Poñer interese en memoriza-lo texto.

UNIDADE 5: O NADAL

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *¿Que lle daremos ó neno?*

Xa chegou o nadal.

Caminiño, caminiño.

LINGUAXE MUSICAL

Traballar ritmos de branca, negra, silencio de negra e dúas corcheas.

Ritmogramas.

Nota fa.

Liñas divisorias.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Dramatización musical: conto *O Crebanoces*.

Pasatempos: xeroglíficos, adiviñas, ordenar letras, comeletras.

OBXECTIVOS

- Entoar en grupo.
- Dramatizar con xestos e movementos.
- Traballar con musicogramas.
- Realizar instrumentacións con pequena percusión.
- Traballa-lo compás binario e o compás ternario.
- Recoñece-la nota fa.
- Colocar liñas divisorias.
- Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de percusión das tres familias.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-la canción en grupos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Completamos compases e palmeámoslos.
- Improvisamos ritmos en compás binario.
- Completamos ritmogramas.
- Rodeámo-las notas fa no pentagrama.
- escoitamos sons e identificámoslos.
- Dramatizámo-lo conto disfrazándonos de xeito sinxelo na clase.

ACTITUDES

- Cantar con boa disposición.
- Participar de forma individual entoando algunha estrofa.
- Manipula-los instrumentos con coidado e interese.
- escoitar atentamente e en silencio as audicións.
- Poñer interese en memorizar ou en le-lo texto do conto.
- Participar de forma activa na dramatización musical.
- Ter boa disposición para a resolución de pasatempos.

UNIDADE 6: O INVERNO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *As gotiñas*.

Outras cancións.

MOVEMENTO E DANZA

Baile da canción da unidade.

LINGUAXE MUSICAL

Notas mi, sol e la.

Crear compases.

Escribir cancións nos pentagramas.

O acento.

Dictado melódico: mi, sol e la.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de corda fretada.

Diferenciar timbres.

AUDICIÓNS

Audición: *Viaxe en zorra* (**Leopoldo Mozart**)

OUTRAS ACTIVIDADES

Trabalinguas e rimas.

OBXECTIVOS

- Entoar en grupos.
- Dramatizar con xestos.
- Instrumentos.
- Recoñecer auditivamente as notas.
- Recoñece-la nota fa no pentagrama.
- Coñece-lo acento musical e a súa colocación no pentagrama.
- Recoñece-los instrumentos visual e auditivamente.
- escoita-los instrumentos de corda fretada.
- Recoñece-los instrumentos que interveñen na audición: trompa, fagot, timbal...

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-la canción seguindo a liña do/a profesor/a.
- Acompañamos no retrouso con instrumentos de pequena percusión.
- Facemos unha coreografía.
- Combinámo-lo canto co movemento.
- Realizamos xogos de patróns melódicos.
- Colocámo-lo acento en palabras cunha rítmica binaria.
- Facemos xogos de coordinación.

- escoitamos sons de instrumentos da familia de corda fretada.
- escoitamos e imitámo-la forma de toca-los instrumentos.
- Debuxamos unha paisaxe invernal mentres escoitámo-la música.
- Seguímo-la audición polo musicograma.

ACTITUDES

- Atende-las indicacións do/a profesor/a.
- Participar de forma activa nas actividades.
- escoita-los sons con atención.
- Mellora-la escritura do pentagrama.

UNIDADE 7: O ENTROIDO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *¡Ou, Susana!*
Outras cancións.

MOVEMENTO E DANZA

Baile de *¡Ou, Susana!*
Danza de *O zapateiro*.

LINGUAXE MUSICAL

O acento.
O pulso.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de corda punteada.

AUDICIÓNS

Audición: *A frauta máxica* de **Mozart**.
Musicograma de *O zapateiro*.

OUTRAS ACTIVIDADES

Pasatempos: recortar e xogar coa careta.
Adiviñas e rima.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Dramatizar con xestos.
- Acentuar adecuadamente.
- Identificar instrumentos na audición.
- Dramatiza-la audición.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Bailamos ó ritmo da música.
- Facemos exercicios de acentuación.
- Recoñecemos-los instrumentos de corda punteada.
- escoitámo-la audición e contestamos a preguntas referentes á mesma.
- Recortámo-la careta para crear unha atmosfera adecuada á dramatización.

ACTITUDES

- escoitar en silencio e atentamente.
- Participar nas actividades con boa disposición.
- Acompañar con instrumentos de forma disciplinada e sen barullo.

UNIDADE 8: OS DEBUXOS ANIMADOS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Escalas e arpexos*.

Canción india.

Bibbidi, bobbidi, boo.

A señora araña.

MOVEMENTO E DANZA

Baile da danza india.

LINGUAXE MUSICAL

Figuras: branca, negra, e corcheas.

Silencios: de branca, de negra e de corchea

Dictado melódico mi, sol e la.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Familia de corda percutida.

Instrumentación dunha pequena danza.

AUDICIÓNS

Montando sobre o cabaliño de madeira, de **R. Schumann**.

O elefante de **C. Saint-Saëns**.

Yellow submarine de **The Beatles**.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimentos: Xogo musical.

Obradoiro de instrumentos: tambor, sambina, maracas, globo sonoro.

Sopa de letras, as flores, adiviñas, rima.

OBXECTIVOS

- Entoar escalas e arpexos de do a fa.
- Reforzar figuras e silencios.
- Recoñece-lo piano como instrumento da familia de corda percutida.
- Recoñece-lo piano nunha audición.
- Dramatizar unha audición.
- Cantar, bailar e tocar simultaneamente.
- Acompañar con instrumentos creados polos nenos a canción india.
- Repasar conceptos traballados de forma divertida.
- Seguí-las audicións polos musicogramas.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo a liña marcada polo/a profesor/a.
- Facemos exercicios rítmicos.
- Facemos dictados melódicos.
- Cantamos e aprendémo-la canción india.
- Acompañamos con pequena percusión e lámina.
- Suxerimos materiais necesarios de fácil acceso para construí-los instrumentos.
- Facemos preguntas para avalia-los coñecementos do/a alumno/a.

ACTITUDES

- escoita-las cancións con atención.

- Realizar con interese os exercicios propostos.
- Poñer interese en face-lo instrumento propio.
- Mostrar unha actitude favorable cara os/as compañeiros/as.
- Participar no xogo con deportividade.
- Ter interese pola montaxe das danzas.

UNIDADE 9: A PRIMAVERA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Verdes, verdes.*

Estando yo en mi ventana.

Tarde de maio.

MOVEMENTO E DANZA

Pequena coreografía da canción da unidade.

LINGUAXE MUSICAL

Lectura de mi, fa, sol, la.

Sons segundo a súa altura.

Ritmograma.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de corda.

Acompañar con instrumentos de altura indeterminada.

AUDICIÓNS

Os paxaros de **C. Saint-Saëns**.

DRAMATIZACIÓN

Os paxaros.

Coreografía de *Tarde de maio*.

OUTRAS ACTIVIDADES

Colorear, adiviñas, poesías.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Danzar ó pulso.
- Facer esquemas rítmicos improvisados.
- Entoar mi, fa, sol e la.
- Identificar instrumentos de corda auditivamente.
- Dramatizar unha audición.
- Diferenciar sons de paxaros diferentes.

PROCEDEMENTOS

- Contámo-la canción seguindo as indicacións do profesor/a.
- Aprendémo-la nota re escribíndoa e entoándoa.
- Escribímo-los nomes das notas nuns patróns melódicos.
- Cantamos mi, fa, sol e la, mentres o/a profesor/a toca un instrumento.
- escoitamos audicións de sons de instrumentos das familias de corda.
- escoitamos unha audición intentando relaciona-lo instrumento.
- escoitamos audicións de sons de paxaros e identificámoslos.
- Debuxamos un paxaro e dramatizámo-la audición.

ACTITUDES

- Cantar e entoar con interese.
- Participar demostrando sempre unha actitude positiva.
- Escribi-las notas correctamente.

- Escóitaa audicióna coa máxima atención.
- Dramatizar con interese.

UNIDADE 10: A MIÑA VILA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Unha señora cun sombreiro.*

Estando o señor don gato.

Outras cancións.

MOVEMENTO E DANZA

Baile da canción da unidade.

LINGUAXE MUSICAL

As notas do e re

Liñas adicionais.

Ordenar unha canción no pentagrama.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A fruta doce.

Música para ver: outras frutas.

DRAMATIZACIÓN.

Estando o señor don gato.

OUTRAS ACTIVIDADES

Xeroglíficos.

Adiviñas.

Comeletras.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Danzar ó pulso.
- Situa-las notas do, re, mi, fa, sol, la.
- Colocar liñas divisorias.
- Situar unha canción nun pentagrama.
- Coñece-la fruta doce.
- Dramatizar unha canción.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacions do profesor.
- Camiñamos pola clase seguindo o pulso.
- Facemos unha coreografía sinxela.
- Colocámo-las notas do e re nun pentagrama.
- Visualizámo-la fruta doce.
- Visualizamos outras frutas.
- Seguimo-la canción *Estando o señor don gato*, marcando o pulso e seguindo o musicograma.

ACTITUDES

- Entoar adecuadamente e con interese.
- Adaptarse ó grupo na montaxe das coreografías.
- escoitar atentamente.
- Visualiza-los instrumentos con interese.

- Facer unha lectura atenta.

UNIDADE 11: AS PROFESÍONS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *¿Quen te ensinou?*

O señor zapateiro.

Costureiriña bonita

MOVEMENTO E DANZA

Coreografía da canción.

LINGUAXE MUSICAL

As notas si e do'.

Rítmogramas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A Fruta doce: a nota si.

Os xilófonos.

OUTRAS ACTIVIDADES

Poesía.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Recoñece-la fruta doce como instrumento para utilizar na clase.
- Identifica-los sons das profesíons.
- Coñece-los xilófonos.

PROCEDEMENTOS

- Entoamos seguindo as indicacións do profesor.
- Movémonos ó pulso.
- Facemos xestos no acento.
- Tocámo-la nota si na fruta doce.
- escoitamos sons das diferentes profesíons.
- Coñecémo-los xilófonos.

ACTITUDES

- Atende-las explicacións do/a profesor/a.
- Entoar ben e con interese.
- escoitar atentamente as audicións.
- Boa disposición para toca-la nota si na fruta.

UNIDADE 12: A PAZ

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *¡Que vivan a paz e o amor!
Amiguiño ven aquí.*

MOVEMENTO E DANZA

Pequena coreografía da unidade.

LINGUAXE MUSICAL

Entoación e dictado melódico de do-mi-sol.
Ritmogramas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Tocámo-la nota la na frauta.
Práctica de alternancia de baquetas nos xilófonos.

AUDICIÓNS

A danza das horas de **Ponchielli**.

OBXECTIVOS

- Entoar do, mi e sol.
- Practica-las notas la e si na frauta.
- escoita-la audición *A danza das horas*, e diferencia-los instrumentos da audición.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-la canción seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Facemos movementos de balanceo ó pulso.
- Bailámo-la canción de maneira sinxela.
- Practicámo-los xilófonos.
- Practicámo-la frauta doce.
- escoitámo-la audición *A danza das horas*.

ACTITUDES

- Entoar con interese.
- Cubri-las fichas con pulcritude.
- escoita-las audicións en silencio.
- Boa disposición para toca-la frauta e os xilófonos.

UNIDADE 13: O VERÁN: AS FESTAS POPULARES

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Viña eu da romaría*.
San Benitiño.

LINGUAXE MUSICAL

Os compases: dous por negra, tres por negra e catro por negra.

Organizar cancións no pentagrama.

Traballo da intensidade.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A fruta doce: la e si.

Acompañamentos con instrumentos de lámina e pequena percusión.

Os xilófonos.

A familia de vento madeira.

AUDICIÓNS

Agrupacións das frutas.

Musicograma da *Muiñeira de Pontesampaio*.

OUTRAS ACTIVIDADES

Sopa de letras.

Poesías.

Encrucillados, xeroglíficos, adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Coñece-las diferentes combinacións rítmicas nos compases traballados.
- Coñece-los termos da intensidade e ordena-los mesmos de forte a débil.
- Tocar si e la na fruta.
- Toca-los xilófonos.
- Diferencia-los instrumentos das diferentes familias.
- Discriminar auditivamente instrumentos da familia de vento madeira.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Construímolo-los compases combinando figuras e silencios.
- Relacionamos tamaños con matices.
- escoitamos sons de instrumentos de diferentes familias.
- Localizamos si e la na fruta.
- Tocamos-los xilófonos coa técnica de alternancia das mans.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Prestar atención ás indicacións do/a profesor/a.
- escoita-las audicións en silencio.
- Boa actitude para a reconstrucción de cancións.
- Interese por conseguir unha boa técnica na fruta e nos xilófonos.

UNIDADE 14: OUTRAS CULTURAS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción da unidade: *Tiaia tia*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Liñas divisorias.
Clasificación de sons.
Dictado rítmico.
Dictado melódico.
O acento.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A fruta: si, la e sol.
O xilófono: interpretación de *O parchís*.
Repaso das familias instrumentais.
Outros instrumentos.
Acompañamento de melodías.

AUDICIÓNS

Canción moderna de **Paul Winter**.
Musicograma de *Tiaia tia*.

MOVEMENTO E DANZA

Coreografía da canción de Paul Winter.
Teatro musical.

OUTRAS ACTIVIDADES

Comeletras, sopa de letras, ordena-las letras.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Instrumentar.
- Colocar liñas divisorias.
- Tocar na fruta cancións sinxelas.
- Toca-los xilófonos e instrumentos de altura indeterminada.
- Clasificar instrumentos traballados no curso por familias.
- Traballa-la forma musical.
- Recoñece-lo saxofón.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos segundo as indicacións do profesor/a.
- escoitamos sons das familias instrumentais.
- Visualizamos outros instrumentos.
- Localizamos na fruta as notas sol, la e si.
- Dramatizamos un conto.

ACTITUDES

- Entoar con interese.
- Respecta-los compañeiros nos traballos en grupo.
- Interese pola dramatización.

- Boa disposición para realizar tódalas tarefas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

Actitude nas actividades de grupo.
Interese nas actividades individuais.
Presentación na elaboración de fichas.
Capacidade de escoita nas audicións.
Nivel de participación na actividades orais.
Sentido rítmico nos bailes.
Canto colectivo.
Instrumentación.

SEGUNDO TRIMESTRE

Actitude e interese nas actividades de grupo.
Interese nas actividades individuais.
Escritura musical.
Sentido auditivo nas discriminacións de sons, audicións de instrumentos.
Entoación individual.
Instrumentación.

TERCEIRO TRIMESTRE

Actitude e interese nas actividades individuais e grupais.
Escritura musical.
Diferenciación de instrumentos e clasificación.
Sentido rítmico (nos bailes e instrumentando cancións).
Entoación.
Conceptos teóricos mínimos.